

O MERCADO DE TRABALLO GALEGO DESDE A ENTRADA EN EUROPA

JUAN J. ARES FERNÁNDEZ / PEDRO MARÍA REY SUÁREZ
Universidade de Santiago de Compostela

Recibido: 15 de outubro de 2008

Aceptado: 31 de outubro de 2008

Resumo: Neste artigo reflexiónase sobre o comportamento do mercado de traballo galego desde mediados dos anos oitenta, comparándoo co do mercado español e apoiándose nos resultados das estatísticas oficiais dispoñibles. Analízase a evolución das variables claves que definen este mercado e coméntanse as peculiaridades que presentan en Galicia.

Palabras clave: Mercado de traballo / Actividade / Ocupación / Desemprego / Formación / Cualificación / Custos laborais / Salarios / Produtividade.

THE GALICIAN LABOR MARKET SINCE THE ENTRY INTO EUROPE

Abstract: This article reflects on Galician labor market since the mid-eighties, comparing it with the Spanish labor market, based on the results of available official statistics. We analyse the evolution of the key variables that define this market and discuss the specificities presented in Galicia.

Keywords: Labor market / Activity / Employment / Unemployment / Training / Qualification / Labor costs / Wages / Productivity.

1. INTRODUCCIÓN

Hai vinte e dous anos que España se incorporou á hoxe denominada Unión Europea (UE). Iniciábase entón un período no que se agardaban cambios favorables na súa economía que permitiran a converxencia cos territorios europeos máis avanzados. Comunidades autónomas cun significativo atraso dentro de España podían acceder a un conxunto de axudas adicionais para facilitar esta converxencia. Galicia foi unha das principais autonomías beneficiadas por estas axudas rexionais da Unión Europea, que contribuíron a dotala dun maior dinamismo e a conseguir un significativo avance económico e social nos últimos anos, malia ser certo que aínda falta por percorrer un bo treito para conseguir un PIB por habitante similar ao da media da UE.

A análise da evolución da economía galega desde o ano 1986 que aborda este número monográfico non pode entenderse sen comprender o funcionamento e os cambios observados no seu mercado de traballo. De feito, aspectos claves da política comunitaria inciden neste mercado. É evidente que a evolución do mercado laboral se debe tanto á dinámica económica xeral como ás modificacións observadas nas súas propias estruturas, que afectan non só ás relacións económicas senón tamén ás sociais.

Neste artigo reflexiónase sobre o comportamento do mercado de traballo galego desde mediados dos anos oitenta, comparándoo co do mercado español mediante os resultados das estatísticas oficiais dispoñibles. Os cambios metodolóxicos que se

produciron neste período nas estatísticas, aínda que melloraron a calidade da información, dificultaron esta análise. Un caso especial foi o da *Encuesta de población activa* (EPA) na que as variacións metodolóxicas se deixan ver inevitablemente na información presentada. Ademais, non para todas as variables foi posible obter información desde o ano 1986. Noutras fontes xurdiron problemas semellantes. Ese foi o caso de algo tan habitual como é o cálculo do PIB galego en termos reais, operación dificultada polo cambio de metodoloxía da contabilidade nacional que pasou de presentar prezos constantes a elaborar índices encadeados. Tamén o propio IPC, utilizado neste traballo para deflactar determinadas variables, presenta –nunha serie histórica– os problemas dos cambios de base.

Asumindo eses problemas coa información, varias son as interrogantes que tentamos responder neste artigo. As decisións dos galegos sobre a súa incorporación ao mercado de traballo, a modificación da estrutura sectorial da ocupación, a reacción do mercado ante os cambios nos niveis formativos, a evolución do tipo de desempregado, a produtividade e o papel dos custos laborais como factor de competitividade son cuestións cuxo estudo e reflexión nos permitirán coñecer un pouco mellor a dinámica da nosa sociedade. En todo momento recorreremos ao mercado de traballo español como referente co que comparámonos.

2. POBOACIÓN E ACTIVIDADE

Unha simple visión dos datos da poboación potencialmente activa que presentamos na táboa 1 permítenos confirmar que a entrada na Unión Europea non supuxo ningún cambio cualitativo na dinámica poboacional de Galicia –polo menos non positivo–, e confirma tamén o estereotipo de que Galicia conta cunha poboación practicamente estancada e cada vez máis avellentada, así como o proceso de transvasamento da poboación do campo á cidade. Este avellentamento é consecuencia, precisamente, dese case estancamento ou feble crecemento que observamos nos datos (Bande e Fernández, 2007).

Táboa 1.- Taxa de crecemento medio anual da poboación potencialmente activa

	TOTAL	DE 16 A 19 ANOS	DE 20 A 24 ANOS	DE 25 A 54 ANOS	DE 55 E MÁIS ANOS
GALICIA					
1986-2007	0,4	-2,5	-1,2	0,6	1,0
1986-1989	0,9	0,7	0,4	0,1	2,4
1990-1995	0,3	-0,3	0,8	0,5	-0,1
1996-2001	0,4	-4,7	-0,9	0,8	1,2
2002-2007	0,4	-4,1	-4,3	1,1	0,9
ESPAÑA					
1986-2007	1,3	-1,6	-0,6	1,8	1,5
1986-1989	1,4	0,6	0,8	1,1	2,4
1990-1995	0,9	-0,8	0,4	1,4	0,8
1996-2001	1,1	-3,7	-0,8	2,0	1,4
2002-2007	1,7	-1,5	-2,2	2,5	1,9

FONTE: EPA e elaboración propia.


En todo o período estudado a taxa anual media de incremento da poboación de 16 ou máis anos alcanzou un escaso 0,4%, moi lonxe do 1,3% de crecemento para o conxunto de España. Se contemplamos os mesmos datos nos distintos períodos en que dividimos os anos que van desde a entrada na UE, veremos que, logo duns poucos anos nos que aínda crecíamos a taxas próximas a un punto, a partir do ano 1990 comeza un período –que dura ata hoxe– no que crecemos a taxas moi baixas, que mesmo foron negativas nos anos 1995 e 1996. Esta evolución non se corresponde coa seguida pola poboación española en idade de traballar, que en todo o período nunca creceu a taxas inferiores ao 0,9% e que nos últimos anos ofrece unha forte aceleración con ese ritmo do 1,7% anual desde o ano 2002.

Ademais, se nos fixamos na evolución da poboación segundo os grupos de idade, vemos que os máis novos –os menores de 25 anos– diminuíron no período, mentres que vai aumentando a poboación maior –singularmente a de máis de 55 anos–. Como é obvio, hai un encadeamento entre os distintos grupos, polo que podemos ver como un fenómeno que lles afecta aos menores nuns determinados anos vai pasando polos seguintes grupos a medida que pasa o tempo. Así, a forte diminución das persoas de entre 16 e 19 anos no período 1996-2001, que vén reducindo a súa intensidade desde entón, pasou no último período ao grupo de entre 20 e 24 anos, agora no seu peor momento. Agora ben, este non é un fenómeno exclusivo da sociedade galega, pois as cifras referidas a España son moi similares na súa estrutura, aínda que podemos destacar que, mentres que o descenso da poboación nova é menor ca en Galicia, o aumento dos maiores é superior.


Polo que respecta á evolución por sexo, as cifras de homes e mulleres reflicten fielmente as que vimos de comentar respecto do conxunto da poboación tanto en Galicia coma en España, como en principio agardaríamos.

Con esta estrutura de poboación, e coa tendencia que nos marca, non poderíamos esperar fortes variacións na taxa de actividade –o índice que mide cantas persoas queren traballar, independentemente de que o consigan ou non– con respecto ao total do seu grupo de poboación. Nas gráficas 1 e 2 ofrecemos as taxas de actividade desde a entrada na UE para os distintos grupos de idade, aínda que é preciso fixarse en que aquí agrupamos nunha única categoría os dous primeiros grupos da táboa anterior.

Gráfica 1.- Evolución das taxas de actividade en Galicia por idades



FONTE: EPA.

Gráfica 2.- Evolución das taxas de actividade en España por idades

FONTE: EPA.

Como podemos ver, a taxa de actividade da poboación galega maior de 16 anos veu descendendo continuamente desde o inicio do período ata o ano 2001, a partir do cal comeza unha recuperación que aínda non conseguiu alcanzar os valores iniciais, co que ao final do período pouco máis da metade dos galegos maiores de 16 anos e en idade de traballar teñen a intención de facelo. Pero o peor dos datos non é o estancamento da taxa de actividade –en realidade unha pequena perda de 0,7 puntos– senón que no mesmo período España pasou dun 49,1% a un 58,9%. É dicir, creceu case dez puntos, e creceu de forma ininterrompida desde o inicio, pasando dunha situación claramente peor cá galega, cando a entrada na UE, a unha sensiblemente mellor.

A análise por sexos reflicte unha tendencia similar en España e en Galicia, pois en ambos os dous casos a taxa de actividade masculina redúcese e a feminina aumenta. Pero as similitudes rematan aí, pois mentres que no caso galego a redución dos homes alcanza case oito puntos, no total español é de nada máis que de un punto. En cambio, mentres que en Galicia a taxa feminina aumenta pouco máis de cinco puntos, en España faino en case vinte, alcanzando e pasando á galega cando partía dunha desvantaxe de máis de dez puntos no inicio do período considerado debido, sen dúbida, á influencia do sector agrario galego, no que ao inicio deste período moitas mulleres de certa idade participaban no mercado de traballo afiliadas ao réxime especial agrario por conta propia.

Polo que respecta aos distintos grupos de idade, as gráficas 1 e 2 móstrannos un descenso para os máis novos, por un lixeiro aumento para España; un notable aumento para os traballadores de 25 a 54 anos, pero en todo caso inferior ao español; e un moi forte descenso dos traballadores maiores –os que superan os 54 anos– cando en España foi case inexistente. En todos os casos os datos son peores en Galicia ca en España, especialmente no último grupo, onde partiamos dunha mellor situación produto da distribución sectorial da nosa economía pero na que xa estamos na media española –en realidade algo por baixo–. Trátase de algo preocupante xa que este colectivo é moi relevante, pois todas as proxeccións demográficas indican –polo proceso de avellentamento da poboación– que vai ser o único que aumente

de poboación nos próximos anos, algo que xa vimos anteriormente cando comentamos os datos de poboación da táboa 1.


Por último, se poñemos en relación as taxas de actividade cos incrementos da poboación anteriormente comentados veríamos que o número de activos aumentou en Galicia a un ritmo dun 0,3% anual, ritmo inferior ao 0,4% que vimos para a poboación en idade de traballar, o que revela unha certa falta de dinamismo do noso mercado de traballo ou, cando menos, unha falta de atractivo, aínda que desde o ano 2002 podemos observar como a tendencia ao estancamento deixa sitio a un continuo, aínda que non moi intenso, crecemento dos activos.

Diferente é o caso do conxunto de España, onde os activos creceron a un relevante 2,2% anual desde a entrada na UE, crecemento que chegou a un 3,4% de media entre os anos 2002 e 2007.

3. OCUPACIÓN


Ese distinto comportamento respecto da participación da poboación potencialmente activa no mercado de traballo, que vimos no apartado anterior para Galicia e para España, debería verse reflectido tamén nos datos de ocupación que analizaremos a continuación e que podemos ver nas gráficas 3 e 4.

Gráfica 3.- Evolución dos ocupados por sectores en Galicia



FONTE: EPA.

Gráfica 4.- Evolución dos ocupados por sectores en España



FONTE: EPA.

Certamente, unha simple ollada ás ditas gráficas permítenos ver como o incremento de ocupados no noso mercado laboral é moi reducido: apenas cento cincuenta mil persoas nos máis de vinte anos que levamos dentro da UE, o que vén supoñer un 14,5% de incremento desde o inicio do período ou, o que é o mesmo, un incremento medio anual acumulativo dun 0,6%. En cambio, no conxunto de España a poboación ocupada aumentou no mesmo período en máis de nove millóns de persoas, que representan un 81,6% de incremento total ou un 2,9% de media anual, en ambos os dous casos moi superiores aos galegos.

O diferente comportamento de ambos os dous territorios obedece en parte á forte atracción doutras rexións do territorio español respecto dos traballadores procedentes do estranxeiro, especialmente nos últimos anos; a un comportamento máis estable e continuado da construción nesas mesmas rexións; á maior perda relativa do sector primario galego, coas evidentes dificultades de absorción en Galicia dos importantes continxentes de traballadores expulsados do sector primario (Méndez, 2000); e a unha máis lenta saída en Galicia da crise de inicios dos anos noventa, recuperación que non se iniciou ata o ano 1998, tres anos despois do que o fixo no conxunto de España. Son características todas elas representativas dunha progresiva converxencia na estrutura sectorial do emprego entre Galicia e España (Fernández e López, 2000).

Polo tanto, o que verdadeiramente caracteriza a evolución da ocupación en Galicia na etapa comunitaria é a perda de posicións do sector primario, coherente co transvasamento da poboación do campo á cidade á que anteriormente aludimos, e cun característico comportamento anticíclico que fai depender a magnitude das variacións da poboación ocupada da conxuntura económica dos outros sectores produtivos. En termos absolutos, pois, perdemos máis de trescentos mil ocupados, pero sobre todo en termos relativos, xa que se perderon desde o ano 1986 máis do 76% dos postos de traballo existentes no sector, porcentaxe moi superior á española, aínda que esta tamén é significativa pois supera o 47%. Aínda así, o sector primario galego segue a ocupar un 8,64% dos traballadores ocupados, porcentaxe moi superior ao 4,55% do total español, e máis lonxe aínda do 3,7% da UE-15, polo que é previsible que siga perdendo efectivos (no primeiro semestre do ano 2008 xa caeu a ocupación en 5.700 persoas) posto que excepto no ano 2000 diminuíron os ocupados no sector en todos os anos desde que Galicia forma parte da UE.

O resto dos sectores aumentaron todos a súa ocupación nestes anos, tanto en Galicia coma en España, aínda que con marcadas diferenzas. A primeira é que o emprego industrial aumentou en Galicia un 35,9% desde o ano 1986, dezaseis puntos por riba do que o fixo en toda España, o que seguramente sorprenderá a moitos, e máis sorprenderá –e se cadra rache con algúns tópicos– ao ver que esa tendencia do emprego industrial fixo que hoxe represente en Galicia o 18% do total de ocupados, fronte a un 16% en España.

Polo que respecta á construción e aos servizos, ambos os dous sectores tiveron comportamentos fortemente expansivos tanto en Galicia coma en España, aínda que nos dous casos sempre con aumentos superiores no conxunto do Estado. Des-

taca particularmente o aumento da ocupación na construción, que hoxe supón máis do triplo en España e máis do dobre en Galicia da que había cando entramos na UE. E destaca tamén que Galicia sexa hoxe unha economía con predominio do sector terciario, dos servizos, cousa que non era alá polo ano 1986. O forte aumento da ocupación nos servizos e a perda no sector primario que antes comentamos situaron o sector –co 61% dos traballadores galegos ocupados– no primeiro lugar da nosa economía; unha economía que ten hoxe unha distribución sectorial do emprego equiparable á dos países avanzados da Europa comunitaria.

Polo que respecta ao reparto da ocupación segundo o sexo do traballador, destaca o escaso incremento da ocupación feminina en Galicia, de apenas un 27%, menor incluso ca o descenso do emprego das mulleres no sector primario, mentres que en España observamos un moi relevante incremento do 158%, con taxas anuais superiores ao 5% de media desde o ano 1995. Agora ben, esa aparentemente masiva incorporación da muller ao mercado de traballo en España partía dunha situación inicial moi favorable a Galicia, pois cando entramos na UE as mulleres representaban un 39% do total da ocupación, dez puntos máis ca no conxunto de España. As razóns disto son ben coñecidas: o peso do sector agrario na economía galega e o peso da muller dentro deste. En Galicia, no ano 1986, preto do 55% das mulleres que traballaban facíano no sector primario, porcentaxe que no ano 2007 apenas supera un mínimo 8%.

Outra perspectiva distinta pero complementaria da que seguimos ata o de agora, baseada na información procedente da EPA, é a que nos ofrecen as afiliacións á Seguridade Social segundo os distintos réximes. Na táboa 2 podemos contemplar a súa evolución en Galicia desde o ano 1990, período de tempo non totalmente coincidente co que vimos utilizando neste traballo.

Táboa 2.- Evolución das afiliacións á Seguridade Social en Galicia segundo os réximes

	TOTAL	RÉX. XERAL	RÉX. ESP. AGRARIO	RÉX. ESP. AGRARIO CONTA ALLEA	RÉX. ESP. AGRARIO CONTA PROPIA	RÉX. ESP. AUTÓNOMOS	RÉX. ESP. DO MAR	RÉX. ESP. DO MAR CONTA ALLEA	RÉX. ESP. DO MAR CONTA PROPIA
1990	768.921	431.568	142.033	7.404	134.629	138.529	40.806	35.330	5.476
1991	777.322	452.169	131.705	7.704	124.001	139.179	38.947	33.396	5.551
1992	770.114	457.801	121.571	7.947	113.624	137.796	37.938	33.153	4.786
1993	755.001	454.089	112.629	7.777	104.852	137.197	36.874	32.335	4.538
1994	752.703	455.741	105.114	6.273	98.841	141.617	36.783	31.191	5.592
1995	758.158	470.099	99.809	6.107	93.702	145.104	30.292	22.664	7.629
1996	765.169	482.091	93.429	5.404	88.026	147.565	29.415	21.024	8.391
1997	782.385	501.553	88.137	5.634	82.503	150.541	29.513	20.537	8.976
1998	814.284	533.949	83.376	5.441	77.935	154.487	29.838	20.133	9.705
1999	851.239	569.119	79.249	5.303	73.946	159.865	30.272	19.216	11.056
2000	880.096	598.039	74.786	4.949	69.837	163.524	30.844	18.317	12.527
2001	904.344	624.798	70.581	4.535	66.046	165.320	30.307	17.777	12.530
2002	923.857	646.309	67.138	4.240	62.899	166.567	29.764	17.302	12.462
2003	947.124	667.724	64.754	4.950	59.804	170.404	29.584	17.089	12.496
2004	970.308	686.944	62.209	4.912	57.297	176.685	29.045	16.646	12.399
2005	997.744	711.282	58.612	4.620	53.991	181.902	28.336	16.329	12.006
2006	1.032.530	744.816	55.404	4.460	50.944	186.199	27.162	15.625	11.538
2007	1.070.136	780.981	52.941	4.482	48.459	190.493	26.199	14.872	11.327

FONTE: IGE.

O primeiro que nos interesa destacar é que, como é ben sabido, o número de afiliados á Seguridade Social está sempre por baixo da estimación de ocupados que fai a EPA e que figura nas táboas e nas gráficas anteriores. Estas diferenzas vanse reducindo segundo pasan os anos, seguramente como consecuencia dunha mellor adecuación das afiliacións á realidade do mercado laboral. Afiliacións que se incrementan significativamente no réxime xeral e no de autónomos, particularmente no primeiro, con excepción dos primeiros anos noventa nos que España sufriu unha forte crise económica.

Pero o máis significativo, en coherencia co que tamén nos dicía a EPA, é o forte descenso da ocupación no sector primario tanto no réxime especial agrario –singularmente no de traballadores por conta propia, no que o ritmo anual de diminución case alcanza o 6% desde o ano 1990– coma no réxime especial do mar –neste caso por conta allea, que viu reducida a súa afiliación a un ritmo constante de case un 5% anual desde o inicio do período–. Mostra evidente dese proceso é que a suma de ambos os dous réximes representaba no ano 1990 o 23,79% das afiliacións, mentres que no ano 2007 só alcanzaba o 7,4%.

Volvendo agora á EPA, se nos fixamos na evolución da ocupación nos distintos períodos que van desde a entrada na UE –datos que figuran na táboa 3–, podemos ver como os ocupados creceron en Galicia a un ritmo anual acumulativo dun 0,6%, fronte a un 2,9% para España, como comentamos anteriormente. Tanto para Galicia coma para España o crecemento dos ocupados é positivo excepto no período 1990-1995, no que sufriron a crise dos anos 1992 e 1993 que, como vemos, afectou máis fortemente a Galicia. Ademais, no resto dos períodos, fronte a un crecemento moderado aínda que crecente en Galicia, as taxas españolas mostran unha fortaleza que xustifica o bo comportamento do emprego que coñecemos. Cómpre dicir tamén que as porcentaxes das que falamos son superiores ás que vimos na táboa 1 para a poboación en idade de traballar, e que tamén son superiores ás correspondentes ao incremento de activos tanto para Galicia coma para España, o que obviamente vén significar que, como veremos máis adiante, o número de parados debeu diminuír na etapa comunitaria –como así ocorreu– para os dous territorios que vimos analizando.

Táboa 3.- Taxas de crecemento medio anual dos ocupados

	TOTAL	DE 16 A 19 ANOS	DE 20 A 24 ANOS	DE 25 A 54 ANOS	DE 55 E MAIS ANOS
GALICIA					
1986-2007	0,6	-3,5	0,2	1,4	-1,8
1986-1989	0,5	-4,3	7,8	0,2	-0,4
1990-1995	-1,8	-12,3	-4,4	-0,2	-4,8
1996-2001	1,8	-2,6	3,8	2,5	-1,7
2002-2007	2,9	2,5	0,0	3,5	1,1
ESPAÑA					
1986-2007	2,9	-0,7	1,8	3,4	1,4
1986-1989	4,1	6,6	9,5	3,7	1,1
1990-1995	-0,7	-10,3	-4,2	0,8	-3,6
1996-2001	4,6	4,7	5,1	4,8	3,2
2002-2007	4,1	1,9	0,8	4,4	5,4

FONTE: EPA e elaboración propia.

Pero na táboa 3 tamén podemos ver a variación da ocupación por grupos de idade na que se ve reflectida a crise de principios dos anos noventa, pois en Galicia descendeu o número de ocupados para todos os grupos de idade nese período, algo similar ao que pasou no conxunto de España, aínda que neste caso cunha menor intensidade. A análise por grupos de idade revela xa desde o comezo un mellor comportamento en España que en Galicia para todos eles, ben porque diminúen menos –coma no caso dos máis novos– ou ben porque aumentan máis –como ocorre cos demais grupos–.

Se nos fixamos no período completo vemos descensos da ocupación en Galicia para os traballadores de entre 16 e 19 anos e para os maiores de 55 anos. No primeiro caso, un descenso dun 3,5% anual acumulativo –moi significativo–, que só desde o ano 2002 semella inverter a tendencia. Pero, contra o que podería parecer, ese descenso non mostra tanto as posibles dificultades de acceso ao posto de traballo dos novos como a maior duración da súa escolarización (Fernández e López, 2000), como veremos posteriormente cando analicemos os datos de paro.

Outra cousa distinta é o que ocorre cos maiores de 55 anos. Neste caso si é preocupante, pois o descenso da ocupación nun 1,8% anual desde o ano 1986 é idéntico ao descenso dos activos no mesmo período e, polo tanto, ao aumento dos inactivos, e todo iso cando a poboación dese grupo de idade aumentou a un ritmo anual de un punto desde a entrada nas institucións comunitarias. E dicimos que é preocupante pois nese grupo están incluídos os que coñecemos como traballadores maiores –os que teñen entre 55 e 64 anos–, e que son un dos obxectivos da estratexia europea de emprego, coñecida como Estratexia de Lisboa, que pretende incrementar a súa taxa de ocupación ata un 50%. O único que vemos de positivo nos datos deste colectivo é o incremento da ocupación producido desde o ano 2002, coherente cun incremento similar dos activos, aínda que nos últimos anos –os anos 2006 e 2007– semella estar perdendo forza.

E máis preocupante é aínda o que vimos comentando cando observamos que en España a situación é ben distinta, pois non só medraron os ocupados maiores senón que, ademais, nos dous últimos períodos o fixeron a ritmos moi significativos. Eses ritmos son moi superiores ao incremento da poboación dese colectivo que vimos na táboa 1, mentres que no caso galego a diferenza era de apenas dúas décimas, o que podería indicar un maior éxito das políticas públicas de fomento da ocupación entre os maiores en España do que en Galicia, aínda que non debemos esquecer a importancia dos traballadores maiores no sector agrario, e mesmo no pesqueiro, e as dificultades de inserción destes colectivos noutros sectores produtivos distintos, o que xustificaría en parte o diferencial entrambos os dous territorios.

Diferencial ou distinto comportamento é o que imos observar tamén nos datos da táboa 4, onde dividimos aos ocupados en función da súa formación, do nivel educativo alcanzado. Neste caso, a diferenza doutros anteriores, o diferencial favorece a Galicia, pois a evolución seguida desde o ano 2001 –primeiro ano para o que

podemos dispoñer destes datos– non deixa lugar a dúbidas sobre a mellora relativa dos traballadores galegos no seu capital humano. En calquera caso, como veremos a continuación, semella ben certa a afirmación que se facía no *Plan estratéxico de desenvolvemento de Galicia 2000-2006* (Xunta de Galicia, 2001) con respecto a que Galicia, coma o conxunto de España, está experimentando un dobre cambio cualitativo. Por un lado, a estrutura de ocupacións estase a desprazar en contra das menos cualificadas (cambio ocupacional) e, por outro, unha mesma ocupación é desempeñada cada vez por ocupados máis cualificados (cambio educacional).

Táboa 4.- Distribución dos ocupados por nivel de estudos

	TOTAL OCUPADOS (miles)	ANALFAB. (%)	EDUC. PRIMARIA (%)	EDUC. SECUND. PRIMEIRA ETAPA (%)	EDUC. SECUND. SEGUNDA ETAPA (%)	FORMACIÓN E INSERCIÓN LABORAL CON TÍTULO DE SECUND. (%)	EDUC. SUPERIOR, EXCEPTO DOUTOR. (%)	DOUTOR (%)
GALICIA								
2001	1.031,00	0,21	30,83	29,89	15,45	0,03	23,24	0,34
2002	1.035,30	0,18	27,68	30,15	16,97	0,03	24,60	0,39
2003	1.069,40	0,19	21,97	33,04	18,61	0,07	25,68	0,44
2004	1.083,60	0,34	17,60	34,51	19,26	0,08	27,68	0,54
2005	1.130,10	0,15	15,72	33,52	19,52	0,04	30,45	0,60
2006	1.164,20	0,12	15,78	31,88	20,23	0,03	31,45	0,52
2007	1.193,40	0,09	14,56	32,00	20,56	0,04	32,27	0,48
ESPAÑA								
2001	16.146,30	0,46	23,50	27,57	19,68	0,12	28,29	0,39
2002	16.630,30	0,43	22,21	27,93	20,02	0,15	28,84	0,42
2003	17.295,90	0,43	20,39	28,66	20,65	0,14	29,30	0,42
2004	17.970,80	0,44	18,94	28,37	21,37	0,13	30,28	0,47
2005	18.973,20	0,33	16,57	27,83	22,97	0,13	31,49	0,69
2006	19.747,70	0,36	15,46	28,03	23,74	0,10	31,59	0,71
2007	20.356,00	0,30	15,02	27,84	23,91	0,07	32,14	0,73

FONTE: EPA.

Efectivamente, o primeiro dato positivo que vemos na táboa é a diminución da porcentaxe de traballadores que non teñen máis ca estudos primarios, que descendeu máis de dezaseis puntos desde o ano 2001 ata o ano 2007, quedando nun 14,56% do total de ocupados, por baixo do dato de España. Este dato é relevante, pois a principios de século Galicia superaba en máis de sete puntos a España.

É certo que os comentarios anteriores non son bos en si mesmos senón na medida en que ese menor número de traballadores con estudos primarios se corresponda cun maior número con estudos de nivel superior, como así ocorre, o que comentaremos a continuación. Pero antes cómpre sinalar un dato que, por desprezable que poida ser en termos cuantitativos, semella ben simbólico: os traballadores analfabetos. A porcentaxe destes acadou un mínimo 0,09% en Galicia, menor que o tamén baixo 0,30% de España, e que confirma que a diminución do colectivo anterior é positiva e non negativa.

Efectivamente, tanto en España coma en Galicia aumentou a porcentaxe de traballadores que teñen estudos secundarios ou superiores, aínda que en todos os ca-

sos as porcentaxes de aumento son maiores en Galicia ca en España. No caso da primeira etapa da educación secundaria o aumento en Galicia foi de 2,11 puntos por 0,27 para España, mentres que na segunda etapa da secundaria o aumento foi de 5,11 puntos para Galicia e de 4,23 para España; particularmente importante é a mellora neste último apartado, pois a diferenza que había a principios de século era de máis de catro puntos a favor de España.

Un caso á parte é o da educación superior. Aí os avances en Galicia son moi significativos, alcanzando –en realidade superando lixeiramente– a porcentaxe de traballadores que en España teñen estudos universitarios, cando no ano 2001 Galicia estaba a máis de cinco puntos da media española. Precisamente no apartado dos estudos universitarios descubrimos a única diferenza relevante no comportamento por sexos, pois os avances que comentamos en Galicia débense maioritariamente ao forte incremento das traballadoras que teñen estudos superiores, que pasaron dun 26,92% no ano 2001 a un 38,02% no ano 2007. Trátase dun incremento moi superior ao dos homes e reflicte no mercado de traballo o que previamente vimos comprobando nas universidades: a cada vez maior presenza das mulleres nas aulas universitarias galegas, ademais de poñerse por primeira vez por riba da media española. Este dato é ben máis significativo cando reparamos que no caso español o avance nos estudos universitarios é moi similar para os homes e para as mulleres.

Por último, aínda que non entra no ámbito deste traballo, debemos deixar constancia da relevancia dos aspectos cualitativos do emprego, o que poderíamos denominar a “calidade” do traballo, e que inclúe indicadores como a duración da xornada, o tipo de contrato, a seguridade no emprego, a protección social ou a discriminación por xénero ou por idade, etcétera (Merlié e Paoli, 2000), pois é ben coñecida a súa relación co que denominaríamos converxencia real ou converxencia nas condicións de vida. Un deses aspectos fundamentais relacionados coa calidade do emprego é o tipo de contrato que se lles fai aos ocupados. Un dos problemas tradicionais tanto do mercado galego coma do español desde a incorporación á actual Unión Europea foi o excesivo uso dos contratos temporais en detrimento da contratación indefinida. As estatísticas amosan como as políticas activas de emprego non deron os resultados desexados, xa que ao longo desta última década a taxa de temporalidade practicamente non descendeu, aínda que a redución observada no ano 2007 presaxiaba unha nova etapa que, previsiblemente, trunque a actual desaceleración na actividade económica. A temporalidade, que en toda a década afectou a máis do 30% dos traballadores, incide case por igual nos homes ca nas mulleres e, como cabería supoñer, son os colectivos que se incorporan por primeira vez ao mercado os máis prexudicados.

Facer un seguimento deste tipo de indicadores será algo cada vez máis necesario cando se trate de analizar a evolución do mercado laboral, o que precisará dun corpo estatístico adecuado a esas necesidades.

4. PRODUTIVIDADE E SALARIOS

De acordo coa teoría económica, unha das primeiras consecuencias dunha mellor formación dos traballadores, da adquisición dun maior capital humano, sería un aumento da súa produtividade, á vez que tamén sería previsible un incremento dos seus salarios como consecuencia da mellora de posición dentro do mercado laboral que esa formación debería facilitarlles.

Na táboa 5 presentamos uns datos nos que calculamos a contribución de cada un dos empregos á produción total, medida esta en euros constantes, diferenciando entre os grandes sectores produtivos da economía e dividindo a serie homoxénea da que dispoñemos –lamentablemente só para a segunda década do período que estamos analizando neste traballo– en grupos de cinco anos.

Táboa 5.- Taxa de variación en media anual do VEB e do PIB por emprego total en Galicia e en España por sectores

	1995-2006	1995-2000	2001-2006
GALICIA			
VEB primario/Emplego	8,27	17,31	1,57
VEB enerxía/Emplego	1,11	3,11	-0,83
VEB industria/Emplego	1,05	1,45	1,06
VEB construción/Emplego	0,75	0,51	0,64
VEB servizos/Emplego	-0,19	-0,40	0,05
VEB total/Emplego	1,52	2,83	0,54
PIB/EMPREGO	1,67	3,00	0,71
ESPAÑA			
VEB primario/Emplego	3,42	7,14	0,96
VEB enerxía/Emplego	1,42	3,22	-1,14
VEB industria/Emplego	0,80	0,89	0,56
VEB construción/Emplego	-1,48	-3,77	0,34
VEB servizos/Emplego	-0,47	-0,44	-0,67
VEB total/Emplego	-0,11	-0,13	-0,22
PIB/EMPREGO	0,03	0,03	-0,05

FONTE: *Contabilidad regional de España* (INE) e elaboración propia.

Como podíamos esperar do que vimos comentando, o comportamento da economía galega, medido pola produtividade dos seus empregos, en concreto polo valor engadido bruto por emprego, creceu a un ritmo dun 1,52% anual acumulativo desde o ano 1995, mentres que a media española diminuíu no mesmo período un 0,11% anual. En ambos os dous casos, o primeiro dos períodos nos que dividimos os datos reflicte un mellor comportamento, especialmente no caso galego, pois entre os anos 1996 e 2000 o crecemento foi dun 2,83% anual, por un 0,54% nos seguintes anos; pola contra, para España pasou de diminuír un 0,13% a un 0,22%.

A evolución española explícase por un crecemento da produción relativamente importante –dun 21,3% no primeiro subperíodo e dun 16,6% no segundo–, acompañado dun crecemento do emprego algo superior, de aí a evolución lixeiramente negativa da produtividade. No caso galego, en cambio, os mellores datos da produ-

tividade son o resultado dun menor ritmo de crecemento da produción acompañado dun peor comportamento do emprego, particularmente entre os anos 1995 e 2000, onde os postos de traballo medidos pola contabilidade nacional descendieron case un 3%; descenso que, como veremos posteriormente, é debido na súa totalidade ao comportamento do sector primario.

Efectivamente, se desagregamos por sectores produtivos os datos de produtividade, veremos que no caso galego o comportamento foi lixeiramente positivo na enerxía, na industria e na construción, algo negativo nos servizos, e cun crecemento moi forte na agricultura, na gandería e na pesca –en concreto dun 8,27% anual acumulativo– debido, fundamentalmente, á evolución dos primeiros anos, onde a taxa de crecemento superou o 17%, como vemos na táboa 5.

A valoración deses datos é complexa, pois a produción do sector primario estancouse nos primeiros anos e descendeu máis dun 6% nos segundos. O que ocorre é que o proceso de expulsión de traballadores foi tan forte –de máis do 50% no primeiro período– que xustifica a evolución da produtividade que comentamos. E aínda que é certo que manter a produción nesas condicións indicaría unha certa capitalización do sector, e tamén que nos anos anteriores o nivel de subemprego sería moi alto, non o é menos que un proceso tan rápido inestabiliza non só o propio sector senón ao mercado de traballo no seu conxunto.

Esta análise faise máis complexa aínda cando vemos como en España, nese mesmo período 1995-2000, a tamén forte taxa de crecemento da produtividade do sector primario –dun 7,14% anual– é o resultado dun moi significativo incremento da produción que vai acompañado dun estancamento do emprego, comportamento a todas luces distinto do galego e máis positivo e manexable para a sociedade.

Por último, a pesar de que comentamos que a produtividade da economía galega no seu conxunto veu mostrando un notable diferencial respecto da economía española, o certo é que, como vemos na táboa 6, o valor engadido bruto por emprego no conxunto de España é aínda un 8% superior ao galego. Pero non é menos certo que ese aumento da produtividade está na base da converxencia real de Galicia con España, e que non só se debe ao estancamento demográfico da nosa Comunidade, como comunmente se vén aceptando (La Caixa, 2007).

A evolución da produtividade nos distintos sectores foi máis positiva en Galicia excepto para o sector enerxético no que, así e todo, Galicia segue significativamente por riba da media española. O caso máis singular sería a evolución da construción, onde o forte crecemento do emprego que antes comentamos, máis forte ademais no resto de España ca en Galicia, provocou descensos na produtividade por emprego do sector nos dous ámbitos territoriais, pero permite que Galicia supere a media española xa desde o ano 1999.

Aínda coas limitacións temporais e sectoriais que acompañan os datos que posuímos, procedentes da *Encuesta trimestral de coste laboral* elaborada polo INE (en concreto non dispoñemos de datos anteriores ao ano 2000 nin referidos ao sector primario), pensamos que sería conveniente facer uns breves comentarios sobre a

evolución dos custos laborais –fundamentalmente salarios– pola súa estreita relación cos parámetros que vimos analizando.

Táboa 6.- PIB/emprego a prezos reais nos anos 1995, 2001 e 2006 en Galicia e en España (en euros)

	1995	2001	2006*
GALICIA			
VEB primario/Emprego	8.253,8	18.298,6	19.782,2
VEB enerxía/Emprego	134.118,8	157.784,4	151.366,2
VEB industria/Emprego	25.033,7	26.630,4	28.069,1
VEB construción/Emprego	20.777,3	21.854,6	22.567,5
VEB servizos/Emprego	26.362,3	25.743,6	25.808,0
VEB total/Emprego	22.666,7	26.053,6	26.767,3
PIB/Emprego	24.582,9	28.471,9	29.500,8
ESPAÑA			
VEB primario/Emprego	16.597,8	22.904,2	24.029,3
VEB enerxía/Emprego	115.256,8	142.593,6	134.649,9
VEB industria/Emprego	30.281,4	32.150,2	33.065,6
VEB construción/Emprego	24.784,5	20.667,0	21.023,9
VEB servizos/Emprego	29.897,8	29.337,6	28.374,5
VEB total/Emprego	29.304,9	29.258,8	28.945,4
PIB/Emprego	31.712,1	31.974,6	31.901,3

*Avance.

FONTE: *Contabilidad regional de España* (INE) e elaboración propia.

Na táboa 7 podemos ver como os custos laborais totais por posto de traballo, deflactados polo IPC, son en Galicia un 13,5% inferiores á media española, diferencial que apenas se modificou nos últimos anos, pois desde o ano 2000 os custos aumentaron en Galicia un 2,16%, só lixeiramente por baixo do 2,40% que creceron no conxunto do Estado.

Por sectores, en todos eles os custos laborais son menores en Galicia ca en España, pero particularmente na industria, onde o diferencial case alcanza os dezasete puntos. Esta diferenza veuse incrementando nos últimos anos, pois o ritmo do seu crecemento en termos reais ten sido moi inferior en Galicia do que en España. Menores son as distancias no sector servizos, sector que, ademais de ser o que menores custos por posto de traballo presenta, é o que seguiu unha evolución máis estable destes no período estudado, cun crecemento mínimo no caso galego e algo superior, aínda que pouco, no español.

Cuestión distinta é o sector da construción, no que antes vimos como se produciu un forte incremento da ocupación nun sector claramente en expansión e que pode xustificar os incrementos salariais que vemos reflectidos na táboa 7. Así e todo, chama a atención que os incrementos reais –do 8% no caso español– alcanzasen o 11,5% en Galicia, onde tanto a produción coma o emprego creceron en menor porcentaxe ca no conxunto de España.

Esa converxencia coa media española nos custos medios por posto de traballo na construción é máis acusada se nos fixamos nos datos da táboa 8, na que presen-

tamos a evolución dos custos laborais por hora efectiva de traballo tamén en termos reais como na táboa anterior. Aínda que o custo por hora segue a ser inferior en Galicia, o certo é que desde o ano 2000 os custos reais por hora traballada aumentaron un 18,28%, fronte a un 10,71% para o conxunto de España.

Táboa 7.- Evolución do custo laboral anual por traballador en Galicia e en España por sectores económicos (en euros) (deflactado polo IPC)

	CUSTO TOTAL	INDUSTRIA	CONSTRUCCIÓN	SERVIZOS
GALICIA				
2000	18.875,7	20.952,8	17.262,2	18.332,7
2001	19.167,0	21.332,5	17.498,7	18.592,2
2002	19.343,2	21.250,0	18.180,9	18.793,0
2003	19.446,5	21.339,7	19.502,2	18.615,3
2004	19.174,6	21.197,6	18.494,9	18.509,1
2005	19.122,8	21.429,8	18.984,7	18.259,0
2006	19.282,5	21.482,1	19.254,6	18.499,2
ESPAÑA				
2000	21.755,1	24.487,3	20.206,8	21.029,6
2001	21.871,5	24.689,7	20.414,0	21.143,0
2002	22.151,6	25.109,8	20.749,6	21.418,5
2003	22.410,8	25.526,5	21.397,9	21.575,7
2004	22.395,5	25.613,8	21.849,1	21.485,6
2005	22.283,5	25.557,8	21.731,6	21.421,5
2006	22.277,0	25.609,2	21.831,4	21.446,4

FONTE: Encuesta trimestral de coste laboral (INE) e elaboración propia.

Táboa 8.- Evolución do custo laboral por hora efectiva de traballo en Galicia e en España por sectores económicos (en euros) (deflactado polo IPC)

	CUSTO TOTAL	INDUSTRIA	CONSTRUCCIÓN	SERVIZOS
GALICIA				
2000	11,0	11,8	9,3	11,1
2001	11,2	12,0	9,5	11,3
2002	11,5	12,0	10,0	11,7
2003	11,6	12,3	10,7	11,6
2004	11,5	12,3	10,3	11,5
2005	11,6	12,4	10,7	11,4
2006	11,8	12,6	11,0	11,7
ESPAÑA				
2000	12,9	14,1	11,2	12,9
2001	13,1	14,2	11,3	13,0
2002	13,3	14,5	11,6	13,2
2003	13,5	14,9	11,9	13,3
2004	13,6	15,0	12,2	13,4
2005	13,6	15,1	12,2	13,4
2006	13,7	15,2	12,4	13,5

FONTE: Encuesta trimestral de coste laboral (INE) e elaboración propia.

No resto dos sectores produtivos, e mesmo para o conxunto, as diferenzas entre a evolución dos custos por hora efectiva de traballo entre Galicia e España son pouco significativas, probablemente tanto como consecuencia do procedemento de

negociación colectiva, que tende a igualar os incrementos de salarios, como da escasa sensibilidade da dinámica salarial mostrada nas distintas rexións españolas respecto do comportamento do desemprego (Méndez, 2000). Agora ben, mesmo nos casos nos que se produce unha certa converxencia entrambos os dous territorios, o resultado final mostra uns custos inferiores en Galicia con respecto á media nacional, diferenza que no total dos datos da táboa aínda supoñen uns custos en Galicia dun 14% por baixo da media española.

5. DESEMPREGO

A época na que escribimos este traballo coincide co inicio dunha crise económica que, aínda que ten a súa orixe no deficiente funcionamento do sector financeiro, está comezando a afectar á economía real. Os datos do desemprego que imos coñecendo segundo avanza o ano 2008 así o demostran pero, dado que o obxectivo deste traballo é mostrar a evolución da economía galega desde a entrada na Unión Europea, alá polo ano 1986, non consideramos oportuno a súa inclusión, pois introduciría un aspecto conxuntural que en certa medida desvirtuaría a análise que vimos realizando.

Os datos da táboa 9 mostran unha evolución positiva do desemprego en Galicia desde a entrada na UE, coherentemente cos datos de actividade e ocupación que presentamos en apartados anteriores, cun descenso dun 2,3% anual acumulativo en todo o período. Ese descenso coincide exactamente co do conxunto de España, aínda que a evolución nos distintos períodos de anos presente algunhas diferenzas; diferenzas de intensidade, que non de dirección, pois en ambos os dous territorios a crise de principios dos anos noventa deixa a súa marca no incremento de parados, complementariamente ao descenso dos ocupados no mesmo período.

Táboa 9.- Taxa de crecemento medio anual do número de parados por idades

	TOTAL	DE 16 A 19 ANOS	DE 20 A 24 ANOS	DE 25 A 54 ANOS	DE 55 E MÁIS ANOS
GALICIA					
1986-2007	-2,3	-6,2	-5,7	-0,9	-0,1
1986-1989	-2,8	-16,5	-7,6	2,0	0,7
1990-1995	7,5	1,0	3,0	9,7	7,5
1996-2001	-9,9	-12,4	-10,8	-9,7	-7,3
2002-2007	-7,2	-2,4	-12,1	-7,1	-0,1
ESPAÑA					
1986-2007	-2,3	-5,2	-5,1	-0,6	-1,8
1986-1989	-4,0	-11,0	-5,7	-0,4	-8,0
1990-1995	8,2	0,8	4,0	11,5	5,9
1996-2001	-12,2	-13,0	-14,3	-11,7	-9,1
2002-2007	-3,2	0,8	-6,1	-3,3	0,8

FONTE: EPA e elaboración propia.


Na división por grupos de idade destaca a forte diminución do número de parados entre os mozos, tanto de 16 a 19 como de 20 a 24 anos. É importante sinalar que a devandita diminución non se debe ao aumento da ocupación, pois esta des-

cedeu, particularmente entre os máis novos, senón ao forte descenso do número de activos que en parte podemos explicar pola extensión do período de escolarización nesas idades.

En cambio, o descenso do paro é moi limitado para os outros colectivos, especialmente para os maiores de 55 anos, neste caso como consecuencia dun descenso dos activos e dos ocupados practicamente idéntico. Neste grupo vemos a principal diferenza entre Galicia e España, pois o relativamente importante ritmo de diminución dos parados entre os traballadores maiores en España –dun 1,8% anual– obedece a un correlativo incremento dos ocupados non demasiado significativo en termos absolutos pero relevante pola especial consideración que este grupo debe merecernos. Efectivamente, como xa temos comentado, todas as previsións sobre a evolución demográfica nas sociedades europeas apuntan a que axiña este será o único grupo da poboación potencialmente activa que aumentará os seus efectivos, polo que calquera política tendente ao aumento dos ocupados debería dedicarlle unha especial atención.

O colectivo de traballadores maiores de 55 anos volve destacar nos datos que presentamos na gráfica 5 (a taxa de paro por grupos de idade), pois sendo o que mostra unha taxa máis baixa é, pola contra, o único grupo onde aumentou desde a entrada na UE. O baixo nivel do que se partía no ano 1986 –un 3,5%– obedecía en gran medida ao forte peso do sector agrario na ocupación galega, como temos visto, e explica tamén, pola súa progresiva perda de relevancia, o incremento do que falamos. Ese aumento, aínda que pequeno, contrasta cos fortes descensos da taxa de paro dos novos –o colectivo de entre 16 e 24 anos–, que pasou dun 36,2% a un 15,9% no ano 2007 e que, como tamén vimos, obedece máis á perda de activos que ao incremento da ocupación. O resto dos grupos mostran unha evolución similar, na que destaca o forte crecemento da taxa de paro a partir do ano 1992, data do inicio da crise dos noventa á que tantas veces aludimos.

Gráfica 5.- Evolución da taxa de paro por idades en Galicia




FONTE: EPA.

Na gráfica 6 presentamos os mesmos datos pero referidos ao conxunto de España. Como vemos, presentan unha evolución similar aos galegos, co único matiz da

maior intensidade nos descenso da taxa de paro para todos os colectivos, incluído o de maiores de 55 anos, pois o menor peso do sector agrario, e sobre todo o dos traballadores por conta propia no sector, xustificaba unha taxa de partida para este grupo do 10,6%, moi superior á galega.


Gráfica 6.- Evolución da taxa de paro por idades en España



FONTE: EPA.

Por último, nas seguintes gráficas contemplamos o fenómeno do desemprego desde a perspectiva do tempo de busca de traballo. Na gráfica 7 vemos como desde a entrada na UE a situación en Galicia cambiou radicalmente, pois os parados de longa duración –os que levan máis de dous anos buscando traballo– deixaron de ser o colectivo máis numeroso, aínda que seguen sendo máis do 17% do total, cifra a todas luces excesiva e que reflicte un funcionamento algo deficiente do mercado laboral, por non falar das consecuencias sociais deste tipo de paro.

Gráfica 7.- Evolución da porcentaxe de parados por tempo de busca de emprego en Galicia




FONTE: EPA e elaboración propia.

Esta situación, ademais, é significativamente peor que a que mostra a gráfica 8 para o conxunto de España, que partía dunha porcentaxe de nove puntos superior á galega e hoxe, en cambio, está máis de cinco puntos por baixo dela. Como corolario á perda de importancia do paro superior a dous anos, as gráficas deixan ver o

continuo ascenso do colectivo de menos de seis meses, que hoxe representa practicamente a metade dos parados existentes tanto en España coma en Galicia, e que, por un lado, se debe á mellora da situación económica e da ocupación e, por outro, tamén é consecuencia da forte rotación nos postos de traballo que sofren especialmente os novos, e que quedou patente anteriormente cando falamos da alta taxa de temporalidade da nosa economía.

Gráfico 8.- Evolución da porcentaxe de parados por tempo de busca de emprego en España



FONTE: EPA e elaboración propia.

6. CONCLUSIÓNS

No presente traballo pretendemos ofrecer unha visión de conxunto das transformacións sufridas polo mercado laboral galego desde aquela data, hai xa máis de vinte e dous anos, na que Galicia entrou a formar parte do que hoxe coñecemos como Unión Europea.

Logo de tantos anos, Galicia caracterízase, ao igual que moitas das economías europeas pero de xeito máis acusado, por ter unha poboación avellentada e practicamente estancada, o que non semella ser unha boa base para conformar un mercado de traballo dinámico, soporte dunha economía creadora de emprego e riqueza. Coherentemente, a taxa de actividade galega diminuíu nestes anos en parte pola relativamente escasa incorporación da muller ao mercado de traballo e en parte polos avances no proceso de escolarización dos novos, pero en todo caso comportándose peor que a economía española na que estamos integrados.

Non moito mellor nos foi coa ocupación, pois de novo aumentou menos ca no conxunto de España, en gran medida pola importante expulsión de traballadores do sector primario e polas dificultades dos outros sectores produtivos para absorbelos, aínda que pode sorprenden —e mesmo rachar con algúns tópicos— que o emprego industrial sexa hoxe maior en termos relativos en Galicia ca en España.

Destaca, en cambio, o forte avance na formación dos traballadores galegos, punto no que destacaríamos o importante aumento dos traballadores con estudos universitarios, sobre todo mulleres, moi superior á media española. En cambio, ese

aumento de capital humano non impide que a taxa de temporalidade, mesmo con pequenas melloras nos últimos anos, sexa moi similar á española e moi superior ás europeas, precariedade que é un dos maiores lastres do noso mercado laboral.

En consonancia con ese aumento da formación, a produtividade dos traballadores galegos aumentou, no período para o que dispoñemos de datos, por riba da media española, aínda que máis polo comportamento do emprego que polos incrementos da produción, especialmente no caso do sector agrario. Probablemente, como consecuencia dos factores anteriores os custos laborais por hora traballada tamén aumentaron en Galicia máis ca en España, converxencia que en todo caso non evita que sexan aínda significativamente inferiores en todos os sectores produtivos.

O desemprego, en cambio, aínda que debamos cualificar a súa evolución de positiva, déixanos un certo sabor amargo. Temos hoxe unha taxa de paro que é pouco máis cá metade do que era cando entramos na UE, pero non é menos certo que esa diminución é claramente inferior á que se produciu no conxunto de España, e que en todo caso segue a ser superior á das economías europeas. Unha boa parte dese descenso débese aos novos, aínda que moito máis polos avances na escolarización que polo aumento da ocupación. En cambio, producíronse melloras evidentes no proceso de busca de emprego, onde a maior parte dos parados levan menos de seis meses nesa situación, co que se produciu unha forte diminución do paro de longa duración, aínda que a alta taxa de temporalidade da que xa falamos teña desgraciadamente moita responsabilidade, máis probablemente que a propia mellora da actividade económica dos últimos anos.

BIBLIOGRAFÍA

- BANDE, R.; FERNÁNDEZ, M. (2007): “Integración y mercado de trabajo en la euroregión Galicia-Norte de Portugal”, *Papeles de Economía Española*, núm. 22.
- CAIXA, LA (2007): *La economía de Galicia: diagnóstico estratégico*. (Colección Comunidades Autónomas).
- FERNÁNDEZ LEICEAGA, X.; LÓPEZ IGLESIAS, E. (2000): *Estrutura económica de Galiza*. Laiovento.
- FUNDACIÓN CAIXA GALICIA / CIEF (varios anos): *A economía galega. Informe*. (Serie Informes Anuais).
- GALICIA. XUNTA (2001): *Plan estratéxico de desenvolvemento económico de Galicia 2000-2006*.
- MÉNDEZ LÓPEZ, J.L. (2000): “Características estruturais do mercado de traballo de Galicia”, *Revista Galega de Emprego*, núm. 0.
- MERLIÉ, D.; PAOLI, P. (2000): *Third European Survey on Working Conditions 2000*, Luxemburgo: Oficina de Publicacións Oficiais da Unión Europea.